

14.00 h). No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, o prazo de presentación rematará o día hábil seguinte.

b) Documentación necesaria: ver os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

c) Lugar de presentación: Complexo Hospitalario de Ourense. Rexistro xeral, rúa Ramón Puga, 52 (edificio administrativo, planta 1ª), 32005 Ourense.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: 3 meses contados desde a data da apertura das proposicións.

e) Admisión de variantes: non se admiten.

9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: sala de xuntas da Dirección de Recursos Económicos e de Servizos Xerais do Complexo Hospitalario de Ourense.

b) Domicilio: rúa Ramón Puga, 52 (edificio administrativo, planta 1ª).

c) Localidade: Ourense.

d) Data: décimo primeiro contando desde o seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación de ofertas. No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, a súa apertura terá lugar o día hábil seguinte.

e) Hora: 9.00 h.

f) Acto público.

10. Outras informacións.

a) Criterios de adjudicación: ver o punto 16 das follas de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Lingua (s): castelán ou galego.

11. Gastos dos anuncios: o pagamento do anuncio será por conta do adjudicatario do contrato.

12. Para consultar os pregos: <http://www.sergas.es>
Ourense, 19 marzo de 2007.

José Luis Jiménez Martínez
Xerente xeral do Complexo Hospitalario
de Ourense

TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA

Resolución do 6 de marzo de 2007 pola que se fan públicas as razóns que xustifican a utilización do procedemento de contratación directa para o aluguer dun local como sede do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

Desde a súa constitución, o TGDC fixou a súa sede provisionalmente no local que para tal efecto lle cedeu a Secretaría Xeral e do Patrimonio, situado

no nº 34, letras F2-G-H-I, do primeiro andar do centro comercial Área Central, á espera de que esta lle asignase unha sede definitiva propiedade da comunidade autónoma.

Ante o vencemento do período inicialmente contratado de 2 anos, e á espera da asignación dunha sede definitiva, é necesario o arrendamento de novo dun local provisional.

En cumprimento do disposto no artigo 55 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do patrimonio da comunidade autónoma en execución da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e ao abeiro das competencias que teño atribuídas pola Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

RESOLVO:

Primeiro.-Facer público que dado que este organismo xa fixo diversos investimentos destinados á adecuación do local actual para as súas necesidades, e tendo en conta ademais os gastos de acondicionamento dun novo local, así como as molestias e gastos que comportaría o cambio a unha nova sede provisional, acordouse a utilización do procedemento de contratación directa para o aluguer do local onde se atopa actualmente a sede do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2007.

José Antonio Varela González
Presidente do Tribunal Galego de Defensa
da Competencia

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE CAMBRE

Anuncio de poxa de obras.

O Concello de Cambre incoou expediente de contratación para a adjudicación por poxa da obra que a seguir se relaciona, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e de rede viaria local 2007:

-Ampliación redes de saneamento e abastecemento de auga en Anceis, Piñeiro e San Lourenzo (Concello de Cambre).

Orzamento: 427,867,17 euros, IVE incluído.

O anuncio de licitación publicouse no BOP nº 66, do 21 de marzo, do ano que andamos.

Os interesados poderán obter información e consultar os pregos e máis os proxectos no Departamento de Contratación, no primeiro andar da Casa do Concello, e obter copia dos pregos na páxina web www.dicoruna.es.